

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 14 de xullo de 2023 pola que se modifica a composición do tribunal cualificador das probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre.

Mediante Resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE do 6 de marzo de 2023), convócanse probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre, e noméase o tribunal cualificador das ditas probas selectivas.

Na base 5.5 da dita resolución dispónse que a autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se nomean os novos membros que teñan que substituír os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas.

De conformidade coa mencionada base, por renuncia dun dos seus membros, o reitor

RESOLVE:

Primeiro. Aceptar a renuncia presentada por Ángeles Romero Rodríguez, catedrática de universidade da USC, como presidenta titular do tribunal cualificador.

Segundo. Nomear a Manuel Vázquez Vázquez, catedrático de universidade da USC, como presidente titular en substitución de Ángeles Romero Rodríguez.

Terceiro. Nomear a Jorge Barros Velázquez, catedrático de universidade da USC, como presidente suplente en substitución de Manuel Vázquez Vázquez.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CVE-DOG: ptt7ox5-ktu5-f5x3-u0l2-0iwwinm7hbc3



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: ptt7ox5-ktu5-f5x3-u0l2-0iwwinm7hbc3

